

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FERIAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILAN 2015 (LOTE 2). EXP. REF 31-2015.

Sendo as 13:00 horas do día 17 de setembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento e actuando como vocais dona Matilde García Losada xefa de sección de Cultura, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral, dona Ana Saez Mancebo Letrada da Asesoría Xurídica e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Asiste don José Luis Cadenas en representación da mercantil XESTION DE MONTAXCES OS ANCARES S.L

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do Secretario da mesa a dar conta de que dona Nuria Carballedo Álvarez non subsanou a incorrecta presentación de documentación administrativa relativa á solvencia económica e técnica polo que a Mesa acorda a súa exclusión do procedemento.

A continuación se procede á apertura do sobre B presentada pola única licitadora admitida XESTION DE MONTAXCES OS ANCARES S.L. resultando que presenta a seguinte oferta:

LOTE 1 : ALUGUER STAND PARA O RECINTO FERIAL

- Prezo sen IVE: 27.169 euros.
- 21% IVE: 5.705,4 euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: 32.874,49 euros.

LOTE 2 : ALUGUER DE STANDS PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA SAN FROILAN 2015

- Prezo sen IVE: 18.500 euros.
- 21% IVE: 3.885 euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: 22.385 euros.

En consecuencia a Mesa de Contratación acorda seleccionar a XESTIÓN DE MONTAXES OS ANCARES S.L. por ter presentado a oferta economicamente máis ventaxosa

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martínez